



CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
3582/2017	A Xunta de Goberno Local

MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS, EN CALIDADE DE SECRETARIA ACCIDENTAL DESTE ÓRGANO,

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 12 de febreiro de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 3582/2017. - PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DE VÍAS NO CONCELLO DA ESTRADA", CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017 - LIÑA 1

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 01/02/2018, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o expediente tramitado para a contratación da obra "PAVIMENTACIÓN DE VÍAS NO CONCELLO DA ESTRADA" con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017-Liña 1.

Visto que dentro do prazo concedido presentaron ofertas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.
- CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA)
- ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.L.
- TABOADA Y RAMOS S.L.,
- OVIGA S.L.
- ARINES
- NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.
- NEMESIO ORDÓÑEZ S.A. (NOSA)
- MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. (MARCONSA)
- ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- NAROM

Visto que a empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA S.A., presenta a súa proposición fóra de prazo, pois o anuncio de licitación foi publicado no Boletín Oficial da Provincia o día 16/10/2017, abrindo un prazo de 26 días naturais contados dende a data da súa publicación (de conformidade co artigo 159.2 do TRLCSP e co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares) para que as empresas interesadas puidesen presentar as súas ofertas. A plica da empresa

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA S.L., foi presentada na Oficina de Correos e comunicado ao departamento de Secretaría Municipal mediante fax, o día 13 de novembro en vez de o 10 de novembro, que era o último día para a súa presentación, polo tanto a Mesa acordou, por unanimidade, excluíla desta licitación.

Visto que as empresas, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L., CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA), ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.L., TABOADA Y RAMOS S.L., OVIGA S.L., ARINES, NEMESIO ORDÓÑEZ S.A. (NOSA), ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L., CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U., e NAROM, presentan correctamente a documentación administrativa do sobre A.

Visto que a empresa NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., presenta un CD que se atopa baleiro e a empresa MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. (MARCONSA), non presenta a declaración de empresas vinculadas.

Visto que a Mesa de Contratación considerou que se trataba dunha omisión emendable, requiríuselle a ámbalas dúas empresas para que en caso de seguir interesadas neste procedemento de contratación, aportaran a referida documentación, concedéndolles un prazo de 3 días hábiles, a contar dende a recepción do requirimento, tal e como se establece no PCAP.

Visto que, dentro do prazo concedido, as dúas empresas presentaron correctamente a documentación que se lle requiría, continuando polo tanto nesta licitación.

Vistas as proposicións formuladas por todos os licitadores admitidos.

Vistas as actas das reunións da Mesa de Contratación que tiveron lugar os días 23 e 30 de novembro de 2017, 11 de xaneiro de 2018 e especialmente a celebrada o día 19 de xaneiro do 2018 na que se produceu a valoración de ofertas e a consecuente proposición para formular a Proposta de Adxudicación.

Visto que a mercantil CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA) foi a que obtivo a maior puntuación.

Visto que presenta a inscrición da indicada empresa no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, o cal, de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexe esta licitación, considérase suficientemente acreditado o cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores), así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5% do importe da adxudicación excluído o IVE.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía n.º 682 de 15 de xuño de 2015.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal con data 02/02/2018

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Inadmitir á empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA S.A., por presentar a súa proposición fóra de prazo.

Segundo.- Adxudicar o contrato da obra "PAVIMENTACIÓN DE VÍAS NO

Concello da Estrada



CONCELLO DA ESTRADA" con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017-Liña 1, por un importe de 401.472,28 euros (IVE incluído) á empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS DE GALICIA S.A. (COVSA), con CIF A36008886, con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

Terceiro.-Unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación, requirirase á empresa adxudicataria para que, nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, formalice o correspondente documento contractual.

Cuarto.- Notifíquese o presente Acordo aos outros licitadores.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º da Sra. Alcaldesa en funcións, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233